

Polo decreto 33/2022, do 3 de marzo, declarouse de utilidade pública e interese social o Polígono Agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra – Ourense), DOG núm. 55, do 21 de marzo.

Levadas a cabo todas as actuacións legalmente previstas pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, con data 25 de xaneiro de 2024, a dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou a proposta de redistribución das parcelas do antedito polígono, e unha vez resoltas as alegacións formuladas contra a mesma, esta dirección xeral **PROPÓN** á Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a aprobación da proposta de reestruturación da propiedade do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra – Ourense).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
María Paz Rodríguez Rivera

Á vista da proposta, **RESOLVO** aprobar a reestruturación da propiedade do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra – Ourense), debendo estenderse a correspondente Acta de Reorganización da Propiedade para a súa protocolización notarial e inmatriculación rexistral.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.
A presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
María José Gómez Rodríguez

